



CIRCULAR DE ENTROIDO 2023



Como en anos anteriores, o noso **MECO** indicará desde hoxe venres os mandatos a seguir desde o luns 13 ao xoves 16. Serán moi sinxelos, de xeito que non teredes que mercar nada. Os mestres tutores encargaranse de explicalo ao alumnado e tamén estará no propio boneco e nas redes sociais do colexio diariamente.

O **venres**, se o tempo o permite, desfilaremos todos os cursos cos disfraces feitos nas aulas. Todo o alumnado deberá vir de negro como base para o disfraz. O desfile está previsto para as 12 horas e será ata a praza circular do Inferniño, onde queimaremos o MECO.

Ademais, retomamos o **mercadeño solidario** para recadar fondos para a excursión de fin de curso do alumnado de 5º e 6º de primaria. Farémolo dentro da gran festa de Entroido á que todos estades convidados onde haberá:

- Concurso de disfraces. (Para nenos, familiares e amigos)
- Cafetería.
- Venta de todo tipo de doces e obxectos.
- Música, baile, actividades...

Esta festa será o venres 17 entre as 17:00 e as 19:00 horas.

Desexamos volver pasalo ben toda a comunidade educativa xunta.

Animádevos e convidade ás vosas amizades!

A Dirección.